



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

CIRCULAR 32/2013

- A todas as Delegacións (*)

- A todos os asambleistas

- A todos os membros da Xunta Directiva e Comisión Delegada

(*) Para a súa distribución entre todos os estamentos da súa demarcación

CAMPIONATO GALEGO ABSOLUTO DE 5.000 M EN PISTA AIRE LIBRE

Narón, 5 de Maio

Art.1) A Delegación da F.G.A en Ferrol organizará o Campionato Galego Absoluto de 5.000 nas pistas de Atletismo de Narón o vindeiro domingo **día 5 de maio** do 2013.

Art.2) Poderán participar todos os atletas que o desexen e se atopen en calquera das seguintes condicións:

1. Atletas que ficharan ao longo da tempada actual (2012/13) por algún club pertencente a Comunidade Galega
2. Atletas con ficha pola F.G.A., aunque pertenzan a Clubes de outras CCAA.
3. Atletas nacionais convidados expresamente pola Federación Galega de Atletismo, que non reúnan ningunha das anteriores condicións.

**Según acordo de Asemblea os atletas estranxeiros maiores de 18 anos que non estén nacionalizados en España non poderán optar aos podiums nos Campionatos Galegos.*

Art.3) As inscricións realizaranse a través do sistema online na web da RFEA (<https://isis.rfea.es/sirfea2/>) **ata as 20:00 horas do martes 30 de Abril do 2013.**

Art.4) Os atletas deberán confirmar a súa participación ata 45 minutos antes do comezo da proba, según o horario indicado. Unha vez concluído este prazo, non se admitirá a participación do atleta.

Art.5) Entregaranse medallas aos tres primeiros atletas clasificados, tanto na carreira masculina como na feminina, sendo obrigatorio acudir ao protocolo de premios ao podio. No caso contrario, non se entregará a medalla.

Art.6) Poderán participar tódolos-as atletas clasificados entre os 15 primeiros no campionato galego absoluto de campo a través (2013). Tamén poderán tomar parte os 8 primeiros-as do ranking absoluto (2011-2012) nas distancias de 5000 ou 10000. No caso de non haber suficientes atletas inscritos que cumpran os requisitos de participación aceptaranse ata 20 atletas dos inscritos, tendo en conta a clasificación no último campeonato galego de campo a través e a marca acreditada na distancia.

Art.7) Os atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización de forma totalmente visible no peito, en toda a súa superficie. O incumprimento de esta norma será motivo da descalificación. Será responsabilidade dos atletas levar consigo 4 imperdibles para a colocación do dorsal, a organización non facilitará imperdibles.

Art.8) Horario da competición:
12:00 h. 5.000 homes
12:30 h. 5.000 mulleres

Art.9) A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. **Aplicaránse as seguintes penalizacións polo incumprimento da normativa de inscricións:**

- Se o atleta, previamente inscrito non participa finalmente no Campionato a sanción será de 3 euros por atleta inscrito, salvo causa xustificada e comunicada por escrito á FGA (direcciontecnica@fgatletismo.com) con antelación mínima de 24 horas. No caso de lesión deberá acreditarse o xustificante facultativo.



Federación Galega de Atletismo

Avda. de Glasgow, 13. Complexo Deportivo de Elviña. Teléfono:
981291683 - Fax: 981-292056. Correo: fgatletismo@telefonica.net.
Páxina Web: <http://www.atletismogalego.org> – 15008 – A CORUÑA



Recoñecida entidade de utilidade pública, Ley 71 de 2012 Xeral do Deporte de Galicia

- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA (6 euros por atleta con datos falsos)
- Non realizar a inscrición no prazo estipulado deberá aboar 3 euros. A aceptación do participante por inscribirse fóra de prazo será competencia do persoal federativo, en función das características da proba donde se desexe inscribir o atleta, podendo ser esta denegada.

Art.10) Todo o non disposto no presente regulamento resolverase de acordo as normas da I.A.A.F.

Victor Arufe Giraldez

Secretario Xeral da FGA
(Asdo. no Orixinal)

A Coruña, a 12 de Abril de 2013
